

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de marzo de 2022
Duración	Desde as 21:00 ata 23:59 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Retírase da orde do día o segundo punto da mesma, con breves intervencións e referencias da voceira do PP e da voceiro do BNG.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Non procede.

2. Expediente 255/2021. Plan Xeral (Modificación)

Desfavorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 255/2021 e introduce brevemente de que trátase para a aprobación inicial para dotar ao PXOM a figura solo urbanizable de chan industrial derivado de sentenzas xudiciais. Por esta carencia asumimos o compromiso de dotar a Outes de chan industrial e que se poida situar un polígono industrial. Como compromiso iniciouse o traballo para buscar unha zona, traballo en boa medida técnico, que cumpra unha serie de características marcadas pola normativa. Encargouse a unha empresa as diferentes opcións e fíxose un traballo de participación que o que se quixo foi saber a opinión dos destinatarios deste chan industrial. Do mesmo xeito, tratouse este tema nesta corporación en creouse en 2020 unha Comisión especial, esa comisión tivo varias reunións e de todo ese traballo saíu unha proposta e esa proposta é a de situar este chan, a máis votada polas empresas. Na propia comisión non houbo ningún voto en contra desta localización. Dicir que esta proposta non só implica calificar este solo senón tamén calificar a zona en base ao establecido polas sentenzas.



Para tramitar a presente é necesario un informe de medio ambiente e posterior exposición ao público e o informe é positivo. Do mesmo xeito, hai que contar cunha serie de informes preceptivos dos organismos pertinentes e o único informe salientable que condiciona a nosa proposta é o de costas de Galicia que indica que a edificabilidade debe ser menor. Quere dicir que un organismo sectorial pode condicionar a nosa proposta e nos temos que facer os axustes pertinentes. A solución máis factible do equipo técnico foi aumentar o terreo afectado. Parécenos un cambio razoable que é un traballo que leva 2 anos desenvolvéndose e dunha maneira que pensa no interese de Outes.

Comentar un par de cuestións, xa que é importante, estamos modificando o PXOM para dotalo de chan industrial pero no seu momento se se chega a facer un polígono. E posteriormente é necesario presentar un plan parcial, trátase cun polígono de escala local para determinado tipo de actividade polo que o máis lóxico é que sexa próximo aos núcleos de poboación, que ten comunicacións adecuadas, que ten servizos xa existentes que posteriormente indicáranos se son ou non suficientes, sendo todo isto a proposta que presentamos. O primeiro paso é a aprobación inicial que abriría a información pública deste documento e quen queira poida presentar alegacións. Non implica que o polígono veña mañá ou pasado e nós non imos a poñernos a facer un polígono se non hai unha demanda contrastada. Cando toque o momento para levar a cabo eses plans parciais serán levados a cabo polas demandas.

Toma a palabra a voceira do PP, a Sra Molinos que indica que con respecto ao punto é que consideramos necesaria a dotación de chan industrial para cumprir as necesidades, sen embargo estamos a ver que o tratamento do Goberno a este expediente non está a ser todo o rigoroso que se esperaríaa. Quixeramos deixar constancia así mesmo da nosa mala impresión ante a forma tanto por parte do goberno como da oposición que lle dan ao debate deste asunto tan importante para os veciños de Outes. Debería estar acompañado de debate e acordos, xa que temos a comisión especial, temos a comisión informativa e o pleno. Vostedes o debate créano no Facebook e nos medios.

O pasado xoves na comisión informativa foi o PP o que tivo que advertir que a documentación que se incluía e que servía para o acordo deste pleno estaba obsoleta e incorrecta, nin o goberno nin o BNG advertiran esta anomalía. Ver e estudar a documentación é responsabilidade, dedicarlle tempo a estudar a documentación. A posta a disposición da información deste expediente non estaba correcta pois o proxecto que nos facilitaron non era o modificado senón o



anterior e como noutro caso non se nos notificou que se tivera realizado a inclusión no programa de xestión da documentación correcta, á que tivemos acceso o luns pola tarde cando se convocou este pleno.

Dada a extensión da documentación consideramos insuficiente o tempo de revisión da mesma e se non fora pola deficiente xestión pola súa parte o tempo sería o dobre. Por nós non vai quedar e imos plantexar as dúbidas que temos. Tras a decisión tomada con relación á localización de cada unha das diferentes propostas e sometido o proxecto ás consultas previas á aprobación inicial, encontrámonos con que o goberno non tivo en conta que a zona a modificar atópase nos primeiros 500 metros da influencia de costas. Isto significa que a edificabilidade é diferente, non é unha cuestión menor, xa que, diminúe drasticamente. Ao goberno parécelle adecuado a ampliación da superficie da zona correspondente á primeira ocupación.

Sorpréndenos que acto seguido, e tras unha reunión da comisión, xa se traia a este pleno propoñendo a súa probación inicial. Consideramos que na solución que propón o goberno hai certos aspectos que deben ser verificados. O primeiro é que o aumento da superficie leva aparellada un maior custe do chan e no mantemento do polígono. A consulta que se lle fixo aos empresarios para a súa preferencia fíxose a extensión inicial non á nova, co que non sabemos se esta nova situación inclúe esa consulta e coñecemento polos empresarios. A preferencia pode mudar e cremos que os empresarios deben ser consultados de novo.

Sométese a información inicial un proxecto que foi informado por urbanismo pero que non pasou polo mesmo trámite de consulta, xúrdenos dúbidas deste proceder, xa que, parécenos adecuado que se informara sobre este proceder e sobre o proxecto modificado e a validez deses informes que se inclúen no proxecto modificado. Neses informes consta a superficie anterior non a nova que deu lugar á modificación. Polo tanto, non se corresponde. Os informes están feitos sobre outras cousas. Tamén nos preocupa que no informe de Secretaría plasmase que dado o carácter formativo dos plans urbanísticos non conste que se fixera a consulta pública. Con este proceder do goberno moi atropelado semella que a intención do goberno non é garantir o rigor do procedemento senón enviar documentación á Consellería co fin de saír nos medios dicindo que vai dotar a Outes dun polígono industrial. Se esa documentación devolvera por ser incorrecta mellor porque así fai a foto dúas veces e o peor é que as súas fotos cústanlle cartos aos veciños de Outes.



Por último queremos dicirle que a transmisión de información aos veciños por parte do goberno sobre este tema fágase con maior prudencia e veracidade, hai veciños que entenden que en menos dun ano haberá un polígono industrial. Parécenos que estas falsas expectativas non é unha maneira de proceder. Con todo isto queremos deixar claro que nos parece ben e que se teñen que comezar os trámites e darlle a maior présa pero sempre dentro da maior prudencia e rigor.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que con respecto á proposta en primeiro lugar queremos deixar constancia de que somos coñecedores da necesidade dun solo industrial, xa que son moitos os empresarios que non poden adquirir unha nave. En primeiro lugar imos responder ás diferentes alusións. Empezando polo Sr. Alcalde onde indica que houbo unha reunión onde se valorou a localización nesta informouse da localización, non eran barallables outras, non empece mentindo. En canto, ás alusión da voceira do PP, como representantes da cidadanía de Outes somos quen de usar os medios de divulgación que estimemos oportunos e non temos que dar explicacións, só aos veciños de Outes.

Con relación ao expediente afirma o Sr. Alcalde era a escollida pola maior parte dos empresarios do noso concello e minte porque non é así. A esas reunións poucos empresarios acudiron e aínda que así fora está claro que a proposta que chega a este pleno non é a que se lles presentou aos empresarios nesas reunións informativas. Vostede durante estes tres anos deixou claro a súa irresponsabilidade e rigor. Preséntanos vostede unha proposta e para que quede recollida a transparencia lee textualmente a valoración de costas e vostede indica que leva traballando nisto dende 2020 e foi este partido o que lle apuntou que esta localización esta afectada por costas. Procede a Sra. Suárez a ler o extracto do informe de costas que indica o condicionamento do mesmo e indica que o grupo de goberno segue apostando pola mesma ocupación e condicionan a edificabilidade, o que supón que hai que adquirir un maior número de metros cadrados. Preséntalo nesa comisión específica que si pasaron a documentación específica non na de servizos. Incluso algúns tivemos a molestia de imprimila e lela. Todo isto nace dunha sentenza e que foi anulada pola mesma, palabras dirixidas á voceira do PP.

Adquirimos 33.000 metros cadrados máis de solo empresarial pero co condicionante de que non pode ser edificable e véndeo o señor Alcalde como un pulmón verde, como se isto fose Madrid. Xa temos monte abondo para que os veciños de Outes teñan que mercar máis. A maiores, falta o informe de costas estatal e aínda así decide metelo ao inicio de tramitación a este pleno, falta un



informe definitivo coas novas dimensións de urbanismo, non hai un compromiso serio por estradas de Galicia con respecto ao acceso e vostede na comisión informativa non tiña claro cal era a estrada de entrada ou saída de dito parque. En canto ao saneamento di vostede que a depuradora da Serra vai poder con ese saneamento a maiores, permite que o dubidemos. A maiores dita localización contempla unha afectación dos núcleos de expansión de xurisdición e Brión algo ao que fai referencia o informe de Costas e urbanismo, cuestión que decide obviar. Nos non imos actuar de xeito irresponsable e permítenos recordarlle que co inicio desta tramitación ponse en vigor unha sentenza xudicial que anula un parque empresarial que vostedes deseñaron e localizaron na Agra de Entíns e permita recordarlle que ambos no goberno son os responsables de que os outenses teñamos que asumir un tanatorio que 3 anos despois foi derruído.

Por todo o exposto, nos por responsabilidade, rigor e porque cos cartos dos outenses non se xoga e porque as sentenzas cústanos cartos a todas e por iso non podemos dicir outra cousa que Sr. González busque outra localización para o parque empresarial. Nos seguiremos traballando e seguiremos aportando o noso traballo para que os empresarios de Outes poidan contar cun chan empresarial.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que como ben dixo o Sr. Alcalde os socialistas de Outes apoiamos a proposta inicial logo de ter varias xuntanzas e de chegar a algúns acordos, como consultar aos empresarios para o lugar ideal para levalo adiante. Neste caso creo que foi demasiado apresurado pola súa parte meter este punto neste Pleno, xa que, a xuntanza de hai 15 días era para achegarnos unha nova proposta derivada de un cambio na edificabilidade do polígono industrial. Logo de analizar un pouco máis a fondo os arquivos que nos enviaron xurdiron varios problemas ou preguntas e algunhas quedaron sen resposta. O cambio é significativo, xa que a edificabilidade baixa dun 0,70 a un 0,44.

Indica que quere explicar en dous pasos o punto de vista socialista para que non se mal interprete. En primeiro lugar, si xurdiron atrancos como neste caso cremos que se debería convocar a comisión creada para intentar resolver ou chegar a algún acordo sobre as posibles solucións e non convocala fai 15 días para traernos xa a solución que vostedes neste caso pensaron que era mellor sen dar tempo a estudalo para propoñer outras alternativas. En segundo lugar, vemos que nos falta información, xa que, cremos que se debería facer un estudo de valoración do cambio que pode supoñer ter que comprar ou expropiar chegado o momento 85.000 m2 en vez de 53.700, digamos que non vai ser o mesmo encontrar 50 fincas que 80. Feitas estas dúas puntualizacións poñémonos ao seu



carón para estudar o que considere oportuno nas comisións pertinentes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en relación ao apuntado polo PP, indican que o que se enviou a Consellería de Medio ambiente non é o mesmo proxecto que derivado das indicacións que nos fai Costas e que traemos aquí e que polo tanto deberíamos volver a empezar. Ese argumento é erróneo e absurdo de todo matiz porque o que se abre con este procedemento é un proceso de información ao público de posibles alegación que habería que dilucidar neste Pleno e ten que ser enviado a multitude de organismos como no seu momento foi a aprobación do Plan Xeral e case todos os organismos non din que hai que cambiar algo e temos que facer algo. Polo que din vostedes dese xeito nunca se aprobaría un Plan Xeral. Ese argumento peregrino.

Señores do PP piden máis rigor e que vostedes digan iso cando estamos solventando un problema que ven derivado dunha sentenza xudicial que tumbou a localización que vostedes plantexaron no seu momento. Estamos intentando solucionar o que vostedes non fixeron dende 2012 e non houbo intento ningún de situar un chan industrial no Concello.

Con respecto ao citado polo voceiro do Partido Socialista indica o Sr. González que este indicou que non é o mesmo que se votou e grazas por admitir que existiron esas comisións e que valoraron, e aínda por riba o BNG din que mentimos. Sr. Caamaño o que se abre agora é un proceso garantista, vostede da a entender que temos que volver a comisión, é un proceso de participación da cidadanía e é onde imos ver como se plantexa aquí por parte do BNG é ou non o que queren os empresarios. Señores do BNG se vostedes saben cal é a proposta que teñen os empresarios propóñala. Señores do BNG os informes son polos organismos e vostedes afirman que vostedes non queren ser partícipes de procesos xudiciais, iso o adiantan vostedes e venme á cabeza que un día que un ministro do Estado dixéralle ao BNG “vostedes deixarían o lume sen inventar por medo a queimarse”, non me agardaba outra cousa do BNG. Agardo que esta proposta salga adiante e é necesaria a maioría absoluta.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que a nós non nos parece así vai a haber moitas alegacións, moitas cousas que estean mal e que corrixir, pero mandalas sabendo que teñen que ser corrixidas non nos parece de recibo. Segundo, nós preferimos esperar un pouco máis a que a documentación vaia correcta, que se lles pregunte aos empresarios coa proposta final e que as cousas se fagan con máis calma. En canto á posta a disposición da documentación ao noso grupo o que nos facilitou na comisión do PXOM foron dúas follas, a nós.



Limos todo que como podemos comprobar estaba erróneo e era un documento de referencia para aprobar isto hoxe, un documento erróneo.

Toma a para a Sra. Suárez que indica que como sempre eleva o ton e espavento cando fala do BNG e se pretende descalificarnos ou insultarnos aforre os esforzos e enerxías, a estas alturas que vostede nos diga estas cousas para nós é un alago. Non dixemos en ningún momento que non estiveramos cando se votou dixemos que a proposta que se votou naquela comisión non é a proposta que chega hoxe a este Pleno, esa é a gran diferenza. O que non imos consentir é que se inicie a tramitación nunha localización que de entrada xa trae problemas, iso é do que non nos vai facer a nós responsables. Traballamos con rigor e responsabilidade. Non nos vai facer sentir mal. Os únicos orzamentos que aprobou foi co apoio do BNG téñao sempre presente.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que só pide polo ben dos veciños , polo ben de Outes e polo ben do Chan industrial que fale, fíxese a diferenza entre este Pleno e o que se falou do Chan industrial e que no anterior cando se aprobou houbo 2 partidos que se abstiveron pero es que viña falado todo con anterioridade das comisións pertinentes. Neste caso di vostede que nos van poñer mil atrancos pois teremos que xuntarnos para solucionarlos e vostede non, xa vos traio eu a solución. Falemos antes de traer as cousas ao Pleno e vostede non o ve así e vai ter que volver a Pleno outra vez con este tema.

Toma a palabra o Sr. González que indica que pouco máis pode dicir e que se fixo un exercicio de transparencia para este expediente e este tema falouse na Comisión fai dúas semanas e cremos que a vostedes lles pesa máis que o grupo de Goberno poida dar pasos adiante en un tema paralizado polo anterior goberno que calquera outra consideración. Vexo que non se vai aprobar inicialmente e vostedes terán que explicarlles á cidadanía porque non se vai a aprobar.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos en contra

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención



ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes, creación chan industrial, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* e anunciarase, ademais, nun xornal de maior tirada a nivel provincial. Durante devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello dirección <https://outes.gal>.

TERCEIRO. Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

CUARTO. Solicitar informe do Instituto de Estudos do Territorio de conformidade co disposto no artigo 41 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado por Decreto 96/2020, de 29 de maio.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado que procedan.

Decaer o acordo por non acadar a maioría necesaria de votos para a súa aprobación.

3. Expediente 216/2022. Recoñecemento extraxudicial de créditos

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 216/2022 e introduce brevemente de que trátase de REC e é o



terceiro que traemos este ano trátase de atender a unha serie de facturas que fan referencia a servizos prestados no servizo anterior e como é preceptivo teñen que vir a Pleno mediante esta figura por algo máis de 78.000€ en total.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que como noutras ocasións que trouxeron REC a este Pleno o que temos que dicir se as facturas correspóndense por servizos prestados e que son conformados polo órgano responsable o que procede é pagalas e que considere as advertencias e reparos que lle fai intervención en reiteradas ocasións.

Toma a palabra o Sr. Núñez do BNG que indica que insisten no que levamos dicindo e é que presten atención aos informes de Intervención e Secretaría sobre todo porque levamos todo un ano vendo apuntamentos que non se están a ter en conta que haxa certos contratos de dubidosa legalidade e procedencia. Que substitúan a persoal municipal a través dunha empresa privada, persoal de piscina municipal, a unha empresa que se adica ao ensino é cando menos rechamante. Vostedes xa darán as explicacións e seguiremos enriba deste tema.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que coma sempre que non teñamos que recorrer a isto ao longo do ano.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2022 por importe total de 78.980,44€, correspondentes os gastos que se detallan:

- Relación X/2021/10 de importe 6.955,52€ (facturas PROYECTO EUROPEO GECO).
- Relación F/2022/7 de importe 15.629,54€ (Facturas COMERCIALIZADORA)



- Relación F/2022/8 de importe 22.405,80€ (Facturas COMERCIALIZADORA)
- Relación F/2022/9 de importe 3.252,83€ (Facturas NATURGY)
- Relación F/2022/10 de importe 24.436,75€ (Facturas ANO 2021 PRESENTADAS ANO 2022)

Liquidacións das asistencias de órganos colexiados da corporación correspondentes ao 3º e 4º trimestre de 2021 de importe 6.300,00€.

- D^a. Raquel García Barreiro: 1.260,00€
- D^a María Beatriz Molinos Vidal: 660,00€
- D. Andrés Castro Abelleira: 660,00€
- D. Albino García Trillo: 600,00€
- D^a. Juana Lago Prol: 540,00€
- D. Tomás Gosende Cambeiro: 660,00€
- D^a María José Suárez Castro: 660,00€
- D. Anxo Núñez Fernández: 600,00€
- D. José Antonio Caamaño Lestón: 660,00€

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2022 prorrogado do ano 2020, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias das facturas sinaladas no punto anterior.

Apróbase o acordo por acadar a maioría necesaria para a súa aprobación.

4. Expediente 27/2022. Elaboración e Aprobación do Orzamento

Desfavorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 27/2022 e introduce brevemente o orzamento indicando que correspóndelle ao grupo de goberno presentar unha proposta de orzamentos. O proxecto é en base as necesidades actuais de 2022 para o Concello de Outes porque nos serviría para presentar de xeito eficiente os servizos que actualmente xa prestamos e para levar a cabo medidas que cremos que son importantes para Outes. É certo actualmente estamos traballando cos orzamentos de 2020 que tiveron certa excepcionalidade polo ano de estado de alarma. A realidade é que cuns orzamentos de 2020 dificilmente podemos seguir traballando e por iso



formulamos un proxecto novo as necesidades deste ano e fai referencia aos gastos que incrementan os gastos de persoal e indica que é necesario un novo proxecto.

Indica cales son as principais liñas deste proxecto que lle da certa continuidade ao anterior e que cubre as necesidades de hoxe en día, o reforzo dos servizos sociais, o reforzo do que ten que ver coa promoción económica de turismo e poñendo en marcha axudas novidasas aos emprendedores, desenvolver unha feira náutico do Freixo para apoiar ao sector, reforzar os servizos educativos, culturais e deportes. En canto aos investimentos hai un importante esforzo cos recursos propios sívemos para reforzar o saneamento, de espazos de lecer, reforzar infraestruturas deportivas e cultura e as partidas de mantemento de camiños veciñais. Indica as contías do orzamento e fai referencia ás diferentes partidas do mesmo que se desglosan na proposta de acordo e fai unha pequena explicación e referencia a cada unha delas. Engade que para a elaboración destes orzamentos fixeron unha serie de reunións con achegas ao proxecto e lamentan que non houbera achegas pero que en calquera caso a obriga do goberno é presentar un proxecto de orzamentos para 2022 e non só é obriga senón facer todo o posible para aprobalos.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que antes de nada agradece o esforzo e dedicación do concello para a formación deste expediente. Dende o 17 de xuño de 2020 data na que se aprobou o último orzamento do concello pasaron preto de 2 anos e sucederon moitas cosas a nivel municipal, pero o que non pasou e que vostedes presentaran ante este pleno en tempo e forma un orzamento para o ano 2021 e para 2022. Non facelo así pon o incumprimento da función do orzamento como instrumento de planificación de xestión e de control da actividade económico financeiro do Concello. A diferenza con outras ocasións é que agora puidemos saber porque se empeñaron dende o primeiro día en non gobernar a economía do Concello e sabémolo porque na Comisión informativa formulada polo voceiro do Partido Socialista, que lle preguntou porque non fixeron o orzamento do ano 2021 o Sr. Alcalde foi quen contestou que non o consideraban oportuno, debe ser máis oportuno saltarse o principio de anualidade. Parécenos que non incluír o orzamento na folia de ruta é o que de verdade denota é unha falta de traballo, de xestión e de responsabilidade.

Con respecto ao documento en si queremos facer varios comentarios. Primeiro o capítulo 6 de investimentos está tratado da mesma forma que o anterior e no anterior e único orzamento destes últimos tres anos máis de 300.000 son do POS



2021 dun crédito que xa tiña autorización, polo que teñen a consideración de créditos que se incorporan por modificación de crédito e remanentes, tal e como vostedes fan anulando estas modificacións de crédito que a tiñan feitas e meténdoas no capítulo 6 de investimentos o que conseguen é crear unha disfunción do reflexo da economía municipal incrementando artificialmente este capítulo por incluír os que se corresponden aos do ano anterior. En segundo lugar, gustaríanos saber cal é a razón pola que non acabaron de saldar a conta 413 aplicando o orzamento todos os gastos imputanos nela e deixaron o importe de 45.500 e pico euros das taxas da Deputación en concepto de recadación do IBI do ano 2019, sen que se consigne neste orzamento do ano 2022 ningún crédito para atender a ese gasto, aínda que sabemos que o importe non está pendente de pago si que pensamos que se debe imputar ao orzamento para un reflexo correcto dos ingresos e gastos. En terceiro lugar, non cremos a forma de aplicar ao orzamento a recadación polo IBI sexa a máis adecuada, sabemos que este ano co beneplácito deste goberno debido á regularización feita pola xerencia do catastro os veciños de Outes teremos que facer fronte a unha subida do imposto do IBI e máis os atrasos de pago dos últimos catro anos o que fai que haxa un incremento na recadación que se debe engadir ao estado de ingresos, parécenos que o correcto sería engadir o incremento da recadación ao importe da liquidación para que deste xeito se reflexara dunha maneira máis real.

Vendo outros apartados dos ingresos chámamos a atención que cando as previsións das últimas previsións de ingresos do IBI é de menos de 60.000€ vostedes consignan 90.000 para o ano 2022 un aumento de máis do 30% do recadado e tamén non sorprende que manteña a taxa do IBI preto dos 35.000€ por riba do que se ven recadando nos últimos anos. Con todo o antedito cremos que non se aplicou o criterio da prudencia á hora da consignación de ingresos, as diferenzas entre o previsto e o finalmente recadado ben pode ser deriven nunha situación de inestabilidade orzamentaria que non sería desexable.

Noutro orde de cousas temos que dicir falta ver máis relevantes inversións con fondos propios, algunha partida adicada á aplicación do saneamento municipal tal e como prometeron no seu programa electoral, ver materializadas algunhas das propostas que o noso grupo lle fixo chegar e que sospeitamos que tiveron como destino o arquivador definitivo. Nós fixémoslles propostas presentadas por rexistros para que vostede agora non poida dicir que non facemos ningunha achega.

En cuarto lugar, fáltanos tamén actuacións que melloren a situación do tecido empresarial do concello é certo que adican ao emprendemento tamén é certo que



os empresarios que xa pasaron a parte de emprender e que poidan estar pasando dificultades para manter os seus negocios non vemos que este goberno os teña en conta como ningunha partida para facer un obradoiro de emprego e fáltanos ver onde están as apartacións dos veciños neste orzamento, cal foi a porcentaxe do capítulo de investimentos que tal e como prometían no programa electoral reservamos para aquelas actuacións que os veciños consideraran prioritaria nas súas parroquias. Por todas estas cuestións temos moitas dúbidas de que este sexa o orzamento máis axeitado para xestionar os cartos e os intereses dos veciños.

Toma a palabra o Sra. Suárez do BNG que indica que no que os orzamentos se refire o BNG temos contacto cos sectores que haxa que ter cando se quere tratar un tema como este, vostede non da cumprimento ás súas promesas.

En canto aos orzamentos partimos da base de que os orzamentos cos que gobernan en 2020 foron aprobados polo BNG para que diga sempre que somos os que dicimos que non ou que nas negociacións teña vostede a desfachatez de cando llo recordei dicirme na cara que ninguén nolos pediu. Sr. González non nos pediron pero si os veciños e veciñas de Outes e a nosa responsabilidade.

Resulta que estábamos en plenas negociación ás que si que aportamos achegas antes da primeira reunión e tivemos a ben aportarlle unha memoria do traballo que leva realizando este grupo dende hai 30 anos, un traballo que se recollía das máis de 40 mocións e máis de 100 rogos. A partir do dito, os investimentos reais resulta que diminúen e efectivamente IBI aumenta e os outenses pagaremos máis impostos e teremos menos servizos e partidas para mellorar a calidade de vida.

Con relación á partida de saneamento dotada con 70.000€, Sra. Molinos rechama que reclame a escasa partida cando eran vostedes os que se atrevían a afirmar que o 90% do Concello de Outes estaba saneado cando era mentira, parece que lles cambiou a óptica. En canto ao Sr. González é vostede coñecedor da urxencia e necesidade en canto a saneamento e da cantidade de lugares que non o teñen que só teñen un tubo ao regato, é vostede coñecedor o risco da ría que supón.

O gasto social, 12.500€ aquí atopámonos puntos chamatimos como adquisición e equipamento técnico para cesión, nas reunións previas xa lle dixemos que non nos parecía a mellor parte de gastar a contía neste punto e que estaba investido por outras administración e que se adicara a outras cuestións. Segue vostede adicando esa partida que xa o fai o SERGAS, ou Cruz Vermella etc, o servizo de axuda no fogar, nin aumenta o número de persoal nin o número de horas e tiña a



intención de prorrogar o contrato que tampouco tivo tempo de traballar neles, non contempla a mobilidade dos estudantes nin persoas maiores.

Dotación de imprevistos e investimento en servizos sociais, 25.000€, centros sociais que precisan unha medida urxente no noso Concello tanto en interior como exterior, coñece os que os e as necesidades que teñen todos eles, a lamentable situación na que se atopa a piscina do noso Concello. Despois fai referencia ao punto de atención á infancia do Cruceiro de Roo, tres anos despois da súa gran promesa de escola infantil, unha escola infantil que esfumouse agora xa deixou de existir, intentou convencernos de que si tiñan unha ordenanza cambiado dun PAI a unha escola infantil, no que en realidade solo aumentou a número de horas e dúas traballadoras. Tivemos que ser este grupo unha vez máis o que lle obrigara a reforzar a asistencia no PAI porque nin sequera o feito de que aumentara o número de cativos dun ano lle valeu a vostede como razón suficiente para reforzar o PAI. En canto a escola infantil seguimos agardando por ela, a Xunta anunciou que estas escolas van ser gratuítas o que se traduce en Outes é que as familias de Outes van seguir pagando un PAI.

Dotación de servizos culturais, a casa da cultura de Outes segue esperando a que faga a adaptación para as persoas con mobilidade reducida, a biblioteca foi ampliado o seu horario e conexión internet por unha moción do BNG, as asociacións culturais non contan con ningunha axuda económica nin tampouco co seu apoio. No punto de dotacións de investimentos e deportivas, 20.000€, é vostede coñecedor da situación que se atopan as pistas deportivas do noso concello, esas que non poden usar os rapaces e rapazas por atoparse en situación lamentable. Vostede só adica esta contía. Valorou vostede mellorar o acceso ás instalacións deportivas pola veciñanza, non, nin a ampliación de horarios. Todos os clubs e escolas deportivas tenas vostede en mans dos clubs privados, as actividades deportivas están xestionadas por unha empresa privada e segue aportando 20.000€. en que mellora os horarios ou as ofertas? En nada. Logo si, teremos unha Feira Náutica na que o Concello vai ter que aportar 5.280€ para tres días de actividades e di vostede que aposta polo turismo, igual ten que explicar vostede aos hostaleiros que a partida que lle correspondería que a vai gastar en mellorar a praza do concello. Debería facer un exercicio de transparencia. E seguindo falando de turismo, que é para vostede, que fixo vostede, Ponte Nafonso non moveu un dedo e que decidiu no facer nada, tampouco por evitar a localización dos parques eólicos en puntos emblemáticos e moito menos por mellorar as estradas que están nunha situación lamentable e iso tamén afecta ao turismo.



No seguinte punto, bolsa de transporte escolar, 1.200€, pero resulta que saca vostede unhas axudas na que só aparecen 1.000€, Sr. González sabe a problemática de transporte que hai no noso Concello pero vostede non decide investir máis que isto. Subvencións a actividades culturais por concorrencia competitiva, 14.000€, por un lado sóbránlle pero resulta que por outro lado adica esta partida non sabemos en que os vai gastar porque o que é mellorar a oferta cultural pouco a mellorou. Subvencións deportivas, por concorrencia competitiva, 4.000€, para todas as asociacións ou clubs deportivos do noso Concello e asumindo que as nominativas foron dadas de xeito aleatorio e parcial, con pouca transparencia e a dedo, deixando a clubs fora. Agora enchéselle a boca falando do traballo técnico con respecto ao club de piragüismo, o arranxo das instalacións vaise facer pòr unha moción do BNG e é mais reunidos coa nova directiva fomos coñecedores de que non lles valía e nós trasladámosllo e vostede non tivo ben escoitar e tivo que ser este grupo o que lle pedira que deixara de acometer ditas obras porque non estábamos dispostos a que gastaran os cartos para nada.

Conclusión, pouco ou nada se tomou en serio os orzamentos de 2022 pero visto que en 2021 non lle fixeron falta, entón igual si que entendemos estas singularidades. Non estivo en ningún momento disposto a negociar, pedi achegas e fixémoslas chegar e as necesidades e rogos que nos transmitía a veciñanza. Sr. González levamos 3 anos traballando por Outes, defendendo as necesidades de Outes e levando propostas para os nosos servizos e defendendo o noso patrimonio e aldeas incluso no parlamento galego, traballo que lle debería competir a vostede. Non son estes nin uns orzamentos xustos nin equitativos por todo o apuntado nin os necesarios para o noso Concello. Para concluír, deixe esta fuxida temeraria para diante que nos trae hoxe a este Pleno tanto co Chan industrial como cos orzamentos, non pretenda facer no último ano o que non foi quen de facer durante tres anos. Os outenses merécense máis. Traia a este Pleno de novo uns orzamentos necesarios e nós apoiaremos.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que antes de nada agradecer á Interventora tanto polo traballo como a posta a disposición para as explicacións que necesitabamos. Con respecto aos orzamentos volvo a repetir e dicir, seguramente teña moito que aprender de vostede en canto a economía pero non vou a aprender nada en canto a sentido común e os socialistas de Outes rexémonos moito por este, polo sentido común, e mirando as prioridades da veciñanza. Cando vostede nos pedía 6.000€ para un “Ferrari” un corta céspede nós dixémoslle que non porque consideramos que había outras prioridades. Veñen de gastar ou investir 6.700€ nun mural e que



conste que serei sempre un defensor do noso, pero repito esa contía cando a parede do campo de fútbol segue sen amañar, cando dúas luminarias no Albán segue sen poñer, cando un simple espello no cruce do Rego segue sen poñer, cando o lavadoiro do Mosteiro segue sen auga e publican no BOP as axudas para o transporte escolar de Outes cunha contía de 1.000 eurazos. Si señor, cun par. E logo dígalle vostede aos veciños cando lle veñen pedir algún amaño que non hai cartos, sinto moito pero non hai cartos, o que non hai é sentido común nas prioridades do Concello.

Para rematar con este expediente dicir que cando o xoves pasado lle dixen que me parecía normal que traían os orzamentos a debate aínda que sexa a finais de marzo e lle preguntei porque non habían presentado vostedes uns orzamentos no ano 2021 a súa resposta deixoume noqueado. Cito textualmente “non o consideramos oportuno”, mire vostede volve falar no seu idioma e neste apúntese esta non sei para que me trae vostede estes orzamentos porque para min os orzamentos deste ano non son oportunos.

Toma a palabra o Sr. González que expón que apuntaba o PP que contabilizamos dúas veces os investimentos e que xa lle comentei moitos que non están incorporados porque no seu momento vaise xerar o crédito. Afirman que a previsión de ingresos está moi inflada e volve recordar que os orzamentos que vostedes aprobaron en 2019 tiñan o IBI en 300.000€ e alí non había ningún tipo de ingreso extra, eso sí que é inflar os orzamentos. Afirma que non hai moito en saneamento, estamos a executar a obra da EDAR e se todo vai ben este ano realizaremos a obra de Quintela Ousesende, xa reparamos a EDAR de Cando e fixemos máis en dous anos que vostedes nos últimos 12 anos en materia de saneamento. Todo o que se fixo mal fíxose fai 20 anos. Indica que di que non hai partida para o obradoiro de emprego, este aínda acaba de saír a convocatoria e ímonos presentar se todo vai ben xunto cos concellos de Lousame e Noia. Despois di vostede que vota de menos actuacións no ámbito de apoio empresarial para o Concello, xa que, acaban de votar abaixo a modificación do PXOM para chan industrial, non fai nada o goberno pero chan industrial grazas o PP non o temos. Vostedes impiden que serealice o proceso para ter chan industrial e impídeno co BNG e o Partido Socialista.

Señores do BNG supoño que saben que os orzamentos teñen os capítulos de gastos e ingresos e teñen que estar equilibrados, dígollos polas propostas aos que fai referenci e tras a súa intervención vexo que só hai que aumentar partidas pero non dixeron de reducir ningunha. Se quere presentamos un proxecto de gastos sen ingresos. Dixo algunhas causas que non quero entrar en detalle, no tema de



saneamento reitero o que acabo de dicir, creo que descoñece que a gratuidade sobre a escolas infantís tamén apunta sobre o PAI. Vimos aplicándoo para o segundo fillo. E dinos que non facemos nada coas asociacións culturais pero despois di que hai 14.000€ para as actividades.

Ao representante do Partido Socialista comentarlle que si que sacamos unha convocatoria de axudas ao transporte con varias novidades, entre elas como había tarxeta nova. Sabe cantas solicitudes houbo para esta convocatoria? Houbo tres e claro non sei se vostede iso lle di algo.

Quero rematar esta intervención co que dixen antes, con responsabilidade Outes conte cuns orzamentos actualizados ao ano 2022. o noso grupo de goberno fixo os esforzos pertinentes por obter o apoio destes grupos e non fomos exitosos, os grupos da oposición están bastante máis interesados en bloquear o funcionamento do concello, que non teña os servizos suficientes e que iso cause un problema ao goberno, pero a nós o que nos preocupa de que se non temos orzamentos como é debido os problemas que lle imos causar aos veciños. Por iso, anúnciolles que en caso de non aprobarse estes orzamentos imos plantexar a semana que ven un pleno para plantexar unha cuestión de confianza asociada á aprobación destes orzamentos, este é o mecanismo que nos pode facer aprobar ou non os orzamentos e cremos que é o mellor para a veciñanza de Outes.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que co que acaba de dicir o Sr. Alcalde non pode que máis que sorprendeme, xa que, a estas alturas de ano diga que a cidadanía de Outes ten que ter un orzamento para seguir mantendo ... e que non fora capaz de facer o que tiña que facer durante estes tres anos e facer uns orzamentos en tempo e forma, vostede non sabe poñerse colorado. O que acaba de comentar de que non temos chan industrial grazas ao PP, imos a ver, o PP abstívose non votamos abaixo nada, abstivémonos porque pensamos que non é necesario facer as cousas de xeito atropelado e pensamos que den facerse as cousas ben. E se para aprobar o chan industrial fai falta maioría absoluta o que faia non é a abstención do PP en pro de maior rigor senón a súa incapacidade para negociar coa oposición e iso é o que teñen que pagar día a día a veciñanza de Outes. En relación cos orzamentos non lle imos dicir nada máis. Si que quería facer unha puntualización á Sra. Suárez de que cando nos atreviamos a dicir que o 92% do Concello ten saneamento atrevínme porque é así. Cos datos de 2018 foi porque o calculei, vostede fala do tanto % do Concello, o que dixen foi literalmente o 92% da poboación do concello e cando queira podemos velo.

Toma a palabra a Sra. Suárez para indicar que non nos causa sorpresa como



acaba de rematar este punto dos orzamentos, unha cuestión de confianza. A nós non nos vai dar vergoña explicarlles aos veciños que votamos en contra do proxecto do solo industrial, xa llo explicamos, non imos facer o mesmo que vostede fixo na oposición cando foi o do tanatorio ou cando foi o polígono ao que acaba de facer referencia.

Por alusións, a Sra. Molinos indica que cando se refería ao 92% do saneamento do Concello que se refería á poboación, entón valórase o saneamento dun concello dependendo do número de persoas e non das vivendas, que se sanea, que se conecta ao saneamento. O que fai é faia é un mínimo de responsabilidade, hai veciñas e veciñas que pagan saneamento e non o teñen, isto xa pasaba no seu goberno.

Con relación aos orzamentos, cas asociacións culturais o que lle dicimos e que se aclare e que as tramitacións non lle van a axudar, os que teñen que aclararse son vostede. Vergoña debería darlles que haxa un evento de recepción dos deportistas Outes que estaba convocado por un clube en particular que era o Club Ludos polos seus deportistas, que ten 200 federados, que compite a nivel europeo e non só estatal, que teñen vostedes a pouca vergoña de pedirlle que en vez ese evento de ser só para os deportistas dese clube sea algo a máis nivel concello, ao que o mesmo accede e que ese acto sexa para recoñecemento de todos os deportistas do Concello e resulta que chegan as partidas orzamentarias e nin se acordan deles. Menos mal que 15 días antes tiveron a pouca decencia de dicirle que impartiran unhas clases de defensa persoal para o concello, infórmese. Recordámoslle que por primeira vez no goberno de Outes temos xente que ten salarios a tempo parcial para dedicarse a esas actividades.

En canto aos orzamentos, dixémoslle que uns orzamentos non se facían chegar así, non imos entrar en quita unha cousa e poña outra cremos que todas son necesarias. Uns orzamentos redáctanse en liñas de traballo que vostede non nos fixo chegar pero si que llo fixo chegar á prensa, esquézase da problemática de transporte e adícalle só 1.000€, da dependencia adica unha partida irrisoria, do turismo xa lle nomeamos cal foi a súa actuación e aos emprendedores, que está moi ben apoiados pero que temos un sector empresarial que as ven de pasar canutas trala pandemia e non lle adica nin un só euro. En canto aos orzamentos pouco que engadir, a partir de aquí siga co seu relato victimista e intente vendelo ao Concello de Outes pero a realidade é que en tres anos non fixeron absolutamente nada. Nós imos votar non sendo moi conscientes de que a partida que se refire aos gastos dos traballadores pode vostede resolvela doutro xeito, non imos poñer o salario dos traballadores en risco. Creo que poudo máis



podemos engadir, presenten uns orzamentos negociados e axeitados ás necesidades de Outes, non é necesario que leve a esta corporación a unha chantaxe cunha cuestión de confianza.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que sobre as 3 axudas para o transporte está vostede contento e eu só lle digo que reflexione, pregúntese porque só hai tres, iso é o que ten que facer vostede, porque mínimo hai once persoas que pagan do seu peto a viaxe dos seus fillos, ao mellor non saíu na prensa nin na televisión. Parece vostede un rapaz pequeno, cabréase, ameaza, fíxese que a súa labor é falar mínimo co BNG que lle propuxo volver a falar para aprobar os orzamentos, xa non digo a min porque como son eu só xa non me debe ter en conta. Non vostede ameaza cunha cuestión de confianza, cambie e fale cos demais, eu só quero o ben para os veciños de Outes. Quero infraestruturas, isto é unha infraestruturas unha pista deportiva e leva qual dende que vostede entrou no goberno e creo que ata que pase algo como coa rapaza do Freixo ou teña que vir o Partido Socialista a facer unha moción das pistas deportivas porque aquí morre calquera rapaz. Por favor non ameace, as cousas ás veces non saen como un quere.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos en contra

BNG: 2 votos en contra

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Outes para o exercicio 2022 e as súas bases de execución, cun importe total no estado de ingresos de 6.107.711,27 €, e no estado de gastos de 6.107.711,27 €, co detalle por capítulos que de seguido se relaciona:

ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES



Cap. 1. Gastos de persoal.....	2.420.518,54 €
Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos.....	2.270.985,85 €
Cap. 3. Gastos financeiros.....	1.000,00 €
Cap. 4. Transferencias correntes.....	185.159,06 €

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Cap. 6. Investimentos reais.....	1.225.047,82 €
Cap. 7. Transferencias de capital.....	0,00 €
Cap. 8. Activos financeiros.....	5.000,00 €
Cap. 9. Pasivos financeiros.....	0,00 €

TOTAL GASTOS.....6.107.711,27 €

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Cap. 1. Impostos directos.....	1.676.500,00 €
Cap. 2. Impostos indirectos.....	90.000,00 €
Cap. 3. Taxas e outros ingresos.....	805.300,00 €
Cap. 4. Transferencias correntes.....	2.662.030,30 €
Cap. 5. Ingresos patrimoniais.....	50.785,89 €

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Cap. 6. Alleamento de investimentos reais.....	0,00 €
Cap. 7. Transferencias de capital.....	818.095,08 €
Cap. 8. Activos financeiros.....	5.000,00 €
Cap. 9. Pasivos financeiros.....	0,00 €

TOTAL INGRESOS..... 6.107.711,27 €

Segundo.- Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o ano 2022.

Terceiro.- Aprobar o teito de gasto non financeiro en cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no importe de 6.102.711,27 €.

Cuarto.- Anular as modificacións de crédito seguintes: incorporación de



remanentes de crédito 2/2022 na parte correspondente ao POS+ 2021, xeracións de crédito 2/2022 e 3/2022 e transferencias de crédito 1/2022 e 2/2022, por estaren incluídas xa no orzamento que se somete a aprobación.

Quinto.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral, fixada no importe de 931.100,33 €.

Sexto.- Expoñelo ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, consonte ao artigo 169 da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo). En caso de que non se presenten reclamacións o orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Decaer o acordo por non acadar a maioría necesaria de votos para a súa aprobación.

5. Moción Partido Socialista - Ucraína.

Favorable

Tipo de votación

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a invasión rusa sobre Ucraína.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a vivir unha situación nova e que eu dende logo nunca xamais pensei que sucedera, a invasión e agresión de Rusia a Ucraína, unha agresión que supón unha flagrante violación do Dereito Internacional e coma sempre con vítimas civís que non teñen culpa de nada, só de vivir nun país nun momento convulso porque un goberno, o ruso ou unha persoa Ignorante e despiadada neste caso procede a invasión dun terceiro país pola forza.

O concello de Outes e todos os membros da súa corporación condenan enerxicamente esta agresión, rexeitando totalmente a invasión de Ucraína por parte das forzas militares rusas e expresamos a nosa solidariedade co Goberno e co pobo ucraíno.



O noso Concello posiciónase a favor da resolución pacífica de conflitos, apoiando as accións dirixidas a facilitar o diálogo, así como a favor de sancionar o incumprimento do dereito internacional.

Por todo o anterior, os socialistas de Outes, instamos a este Pleno a adoptar os seguintes acordos:

1. Reclamar a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumprir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional.
2. Expresar a súa solidariedade con todas a vítimas deste conflito e dar todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.
3. Apoiar que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína así como o resto de refuxiados doutros ámbitos.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o PP quere denunciar e condenar a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso da forza sobre un país soberano tendo do artigo primeiro da Acta de Helsinki da conferencia de Seguridade e Cooperación en Europa. Reafirmar o noso respecto polo dereito que asiste a tódalas nacións a preservar a súa integridade territorial. Reafirmar así mesmo o noso compromiso coa defensa dos principios da democracia, do estado de dereito e da protección dos dereitos fundamentais contemplados nas constitucións da Alianza Atlántica norte como da Unión Europea. Mostramos a nosa solidariedade co pobo ucraniano e apoiamos as iniciativas, que nas medidas das competencias e recursos que poidan ser, dar acollida aos cidadáns ucranianos que se ven abocados a abandonar o seu país. Polo tanto imos apoiar a súa moción.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que en primeiro lugar trasladar dende o BNG a nosa condena absoluta a invasión e o ataque directo a un país soberano, pero como todos sabemos o 24 de febreiro a Federación rusa tomou parte do territorio da República popular de Ucraína e dende ese momento foi desenvolvéndose un conflito bélico con consecuencias devastadoras para a poboación ucraniana. Estamos a asistir ao exilio de milleiros de persoas que está dando lugar a unha crise de refuxiados enorme e continuar esta escalada as



consecuencias poden ser imprevisibles para o conxunto de Europa e do mundo. Por iso fronte a calquera conflito as institucións democráticas temos que poñer firmemente o diálogo como único mecanismo para a superación das diferenzas e a paz como único camiño posible. O nacionalismo galego condena calquera acto de guerra e acredita na solución negociada aos conflitos, ao mesmo tempo que se compromete a artellar mecanismos de axuda comunitaria dende os propios concellos do noso país. Urxe reclamar o cese inmediato dos combates na Ucraína e a volta a vía diplomática para solventar este conflito. O único camiño é a paz a través dunha desescalada militar e unha aposta firme polo diálogo no marco das organizacións como a ONU. A través destes mecanismos sempre sobre a base da cultura dos pobos e o respecto á paz e por iso que estamos completamente de acordo coa proposta. Só temos que poñer un inconvinte, un detalle, propoñemos unha enmenda de supresión para o punto terceiro do acordo. Entendemos que o Concello debe ser solidario con tódolos países que o están a pasar mal por motivos iguais ou peores pero que están a sufrir. Entendemos que debemos suprimir provinte do conflito de Ucraína e deixar claro que o Concello de Outes é un concello aberto en solidariedade con todas as persoas que sofren as consecuencias da guerra nas súas peles. Facemos esta proposta de modificación para o Partido Socialista.

Indica o Sr. González que eles tamén están completamente a favor dos contidos da moción e do acordo, sinalar que no último apartado xa estamos facendo un traballo importante. Actualmente existen 13 refuxiados en Outes e dende o concello nun primeiro momento soupemos da chegada e puxémosmos en contactos coas familias de acollida ou contactos que tiñan aquí. Seguimos traballando e apoiando na xestión e trámites do permiso de residencia que é especial. Estamos axudando neste labor e coas cuestións que teñen que ver coa escolarización e nas axudas económicas e tramitouse a axuda da Xunta de Galicia.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que con respecto á proposta estou de acordo pero non en suprimir senón en engadir así como o resto de refuxiados doutros ámbitos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor



PP: 5 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

Apróbase o acordo por unanimidade.

6. Moción BNG- Moción para a mellora do transporte público.

Favorable

Tipo de votación

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

O concello de Outes vén sufrindo recortes no transporte público dende fai décadas. Xa nas liñas discrecionais, que lonxe de estar ao servizo da poboación parece ser á inversa, son os usuarios os que teñen que adaptarse a un servizo cada vez máis testimonial e que chega até o punto de vendérsenos como “a demanda” cando en realidade é un servizo deficitario ou inexistente. Dende o BNG de Outes puxémonos, como facemos sempre, ao servizo da veciñanza, remitindo escritos á Consellería de mobilidade e trasladamos a este Pleno a nosa preocupación e a dos veciños e veciñas cando estes recortes foron anunciados.

Coa entrada en vigor do novo concurso de transporte escolar (10/1/22) o noso Concello sofre de novo un recorte nas liñas de transporte, e desta vez, nas de ensino obrigatorio, suprimindo liñas, autobuses e paradas, feito que tamén trasladamos en Pleno. Toda esta situación ven agravada polo feito de que os estudantes de bacharelato do noso Concello que teñen como referencia o IES San Alberto de Noia non contan cun transporte ao mesmo, tendo que facer varios trasbordos no mellor dos casos e na maioría sinxelamente non teñen nin esa opción, sendo as familias as que teñen que estar en disposición de levalos e traelos ao instituto. Isto non fai máis que converter a nosa rapazada en “estudantes de elite” xa que non son poucas as familias nas que un dos membros ten que renunciar ou reducir a súa xornada laboral para adicarse aos desprazamentos dos seus fillos.



Por isto fora pouco atópanse cunha Xunta de Galiza que ten a ben enviarlles a “tarxeta xente nova” para descontos en viaxes, cando non teñen ese servizo, algo que a todas luces é un trato discriminatorio en canto a dereitos se refire. E por outro lado a un goberno local que lonxe de tentar paliar e solucionar, saca adiante unhas axudas ao transporte que dada a partida coa que se dotou e os requisitos para optar a elas, non poden ser calificadas máis que de mera campaña publicitaria e de falta de responsabilidade á hora de defender os dereitos da nosa veciñanza. Pero non é só a nosa xuventude a que sofre a falta de transporte público, tamén os nosos maiores e poboación en xeral. Xustamente ao respecto desta necesidade o BNG rexistrou o 22/10/19 unha moción que foi aprobada e comprometida a valoración e estudo polo grupo de goberno e que a día de hoxe segue sen cumprir nin o máis mínimo dos seus aspectos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.** Que o goberno municipal identifique os problemas de transporte para chegar dende a residencia dunha forma ordenada e razoable ao centro de referencia que se lles presentan a varios alumnos de bacharelato de varios núcleos de poboación do noso Concello que teñen como referencia os institutos de referencia de bacharelato de Noia, así como aos demais usuarios de transporte público e que se inste á Consellería de Infraestruturas, Mobilidade e Educación a que en coordinación co concello se lle dea solución a esta solución.
- 2.** Aumentar a partida municipal en canto a axudas ao transporte se refire mentres o goberno se compromete á realizar todas as xestións posibles coa Xunta mentres non se lle da solución a esta problemática.
- 3.** Creación dunha mesa ou comisión con todos os grupos de esta corporación para atopar solucións a problemática exposta e da que saian unhas novas bases.
- 4.** Dar cumprimento a moción do transporte presentada polo BNG 22/10/19.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que é certo que a dispersión no noso concello e en Galicia fai que as comunicacións entre os núcleos rurais entre os que se encontran os servizos as veces se faga difícil e non sexa todo o perfecta que nos gustaría. En canto á supresión no noso Concello de liñas e paradas e autobuses de ensinanza obrigatoria en lugares onde hai rapaces que o precisen , a que vostedes fan alusión, a nós non nos consta. O que nos consta é que estes



alumnos que asisten a estes centros de ensino teñen garantido o transporte aos centros de referencia en condicións similares ás que tiñan antes do 10 de xaneiro, data que entrou en vigor o novo concurso. Se nos constara que algún escolar de ensinanza obrigatoria do Concello non dispuxese deste servizo de transportes seríamos os primeiros en denuncialo. No que se refire ao transporte que non ten que ver coas ensinanzas obrigatorias sempre estaremos a favor de que se traballe para dar solución aos problemas de mobilidade e dar solución e mellorar as comunicacións coas que se atopa o noso Concello. Neste punto gustaríanos facer unha aplicación ao respecto do que vostedes identifican como recorte das liñas de ensino obrigatorio, xa que entendemos que o que sucede e que se fixo unha reestruturación das mesmas en función da existencia dos escolares de ensino obrigatorio nos distintos núcleos. O noso grupo pediría apoiar a súa moción se vostedes se prestaran a variar o primeiro punto do acordo da seguinte maneira: o goberno municipal identifique os problemas de transporte para chegar dende a residencia dunha forma ordenada e razoable ao centro de referencia que se lles presenta a alumnos de bacharelato de varios núcleos de poboación do noso Concello que ten como referencia os institutos de referencia de bacharelato de Noia e que se inste á Consellería de infraestruturas e mobilidade a que en coordinación co Concello se dea solución a esta solución. Parécenos máis eficiente porque ampliamos a fórmula de solución.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que nin dicir ten que os socialistas de Outes imos dar todo o apoio á moción. Lembramos que despois dunha moción presentada polo partido socialista con respecto ao problema xurdido ao problema dos estudantes. Parécenos irrisorios a contía dos 1.000 eurazos, hoxe eu sei que son 11 rapaces que se tiveron que buscar a vida. Dito isto os 2.000€ que agora sobran creo que é rirse dos veciños. Vai obter o noso apoio e quero matizar cara o PP que fagan un pouquiño máis dende o seu partido se poden.

Toma a palabra o Sr. González que indica que sinala un par de cousas, con respecto a que nos instan mediar ante a Consellería de Mobilidade o trato discriminatorio cremos que o fixemos en tódolos casos nos que entendíamos que había un recorte en calquera dos servizos. Instamos as consellerías, algunhas veces non o conseguimos porque por exemplo no caso do Freixo dixéronnos que non vían adecuada cambiar os horarios. O que me chama a atención é que vostedes sempre que toman este tema a sabendas de que non temos competencias neste tema, sempre din que vostede non fai nada e despois din que o reclaman no parlamento e que eu lle diga que vostedes non o consigan alí. Non o ou a facer porque o que ten a maioría absoluta é o PP e o que ten as



competencias sobre ese asunto é a Xunta de Galicia. Polo tanto non pode recriminar que non conseguimos nada. En canto a aumentar a partida acabo de indicar que houbo tres peticións e o ano pasado once, publicitándose do mesma maneira. Non descartamos e sempre que o estudemos sacar unha nova convocatoria. Polo demais teñen que dicir se aceptan a enmenda do PP.

Toma a palabra a Sra. Suárez entendendo que é unha boa proposta cremos que o problema é máis grave e que colle franxas máis amplas que o ensino obrigatorio en si e os alumnos de referencia ao IES de Noia. Hai unhas liñas discrecionais que deixaron de prestar servizo, por iso pensamos que o trato discriminatorio por parte da Concellería en moitos ámbitos no que a transportes se refire e por iso instamos á mesma e no punto primeiro referímonos a todos. Pode que non sexa suficientemente explícito neste caso pero aínda así é unha boa proposta e da un pouco de rabia Sr. González de que nos acuse ou que nos diga que nos vai a recriminar. Estamos para axudar e no parlamento temos a situación que temos. Facía referencia o Sr. Caamaño en que hai 11 familias, nós tivemos reunións con estas familias e non son 11 só no Freixo hai en moitos puntos máis na mesma situación. É un problema moito máis importante do que poida parecer. Ímos deixar a moción tal e como a redactamos porque cremos que é unha problemática bastante máis ampla.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non teñen inconveniente en incluír aos demais usuarios. Tras un breve debate indica a Sra. Molinos queda do seguinte xeito: que o goberno municipal identifique os problemas de transporte para chegar dende a residencia dunha forma ordenada e razoable ao centro de referencia que se lles presentan a varios alumnos de bacharelato de varios núcleos de poboación do noso Concello que teñen como referencia os institutos de referencia de bacharelato de Noia, así como aos demais usuarios de transporte público e que se inste á Consellería de Infraestruturas, Mobilidade e Educación a que en coordinación co concello se lle dea solución a esta solución.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor



Apróbase a moción por acadar a maioría necesaria.

Remata a sesión ás 23:59 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

